

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2023

A proxección mediática de
Manuel M. Murguía en Galiza
e na emigración galega.

Da súa conformación como historiador
até a súa morte, pasando polo seu
oitenta aniversario (1856-1923)

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

A proxección mediática de Manuel M. Murguía en Galiza e na emigración galega.

Da súa conformación como historiador até a súa morte, pasando polo seu oitenta aniversario (1856-1923)

PALABRAS CHAVE

Manuel M. Murguía;
proxección mediática;
historiador nacional;
emigración;
galeguismo político.

RESUMO

O presente texto pon o foco na proxección mediática de Manuel M. Murguía en Galiza e na emigración do seu tempo, a través da que seguir a pegada da súa transición como creador literario a historiador (e de historiador a historiador nacional, por antonomasia). Nesa conversión, o punto de inflexión sitúase na edición da súa *Historia de Galicia*, destacada en innumerábeis ocasións pola prensa da época. Tras o seu intenso labor intelectual e de axitación política, Murguía sería a máxima figura do movemento patriótico galego desde o último terzo do s.XIX.

KEYWORDS

Manuel M. Murguía;
media projection;
national historian;
emigration;
political Galicianism.

ABSTRACT

This text focuses on the media projection of Manuel M. Murguía in Galicia and on Galician emigration of his time, through which to follow the trail of his transition from literary creator to historian (and from historian to national historian, par excellence). In this conversion, the turning point was the edition of his *Historia de Galicia*, highlighted on countless occasions by the press of the time. After his intense intellectual work and political agitation, Murguía would be the greatest figure of the Galician patriotic movement since the last third of the 19th century.

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

Universidade da Coruña

Director da Cátedra de Memoria Histórica da UdC.

Director de *Murguía, Revista Galega de Historia*.

ARTIGO

É coñecido que o historiador Manuel Martínez Murguía, nacido en Arteixo no ano 1833, deixou unha pegada duradeira en Galiza e entre a comunidade galega de alén mar, fundamentalmente desde o último terzo do século XIX. O binomio que conformaba coa súa dona, Rosalía de Castro, coa que casara en Madrid por volta de 1858 (Barreiro, 2012: 205), tivo unha enorme proxección e influencia entre unha parte selecta da intelectualidade do noso país e boa parte das e dos galegos vinculados coa rede societaria á que deu lugar a Galiza emigrada. Ambas figuras forxaron un imaginario (patriótico) galego que modelou, en grande medida, o pensamento cultural e político desa Galiza que soñaba, en clave de progreso, cunha terra libre de imposicións foráneas, labor co que colaboraron outras figuras centrais do Rexurdimento galego. Isto explica como o oitenta aniversario de Murguía e o seu pasamento tiveron unha enorme proxección na Galiza de alén mar, en tempos nos que non existían os medios de comunicación que actualmente existen para espallar novas. Mais para chegar até ese punto e sabermos como foi acollido o oitenta aniversario e o pasamento de Murguía na Terra e, sobre todo, entre a comunidade galega alén mar debemos ter presente en que termos foi modelándose a figura pública de Manuel M. Murguía. Eis algúns apuntamentos.

Manuel M. Murguía, de creador literario a historiador a través da prensa

A vida do historiador e activista galego Manuel M. Murguía chegaba ao seu fin o 2 de febreiro de 1923. Tras de si ficaba unha dilatada e intensa vida, desenvolvida ao longo de nove décadas, entregadas fundamentalmente ao rescate, posta en valor

e divulgación da historia de Galiza. Un labor ao servizo do desenvolvemento dun movemento patriótico que puidera reivindicar a personalidade nacional de Galiza e que concretara o seu programa na consecución dun autogoberno o máis soberano posíbel. A súa produción historiográfica, con características semellantes ás de outros autores de renome da mesma época en países próximos ao noso, ultrapasou o Atlántico. Antes tivo que desligar Murguía a súa produción historiográfica das súas creacións literarias, que cultivaría de inicio e lle darían fama. Observemos como cando regresan Murguía e Rosalía a Galiza desde Madrid, para se asentaren en 1858 en Compostela, diante da visita que realizan á redacción de *El Miño*, afirmárase:

Hemos tenido el placer de abrazar en estos días a nuestro querido amigo el Sr. D. Manuel Murguía, que procedente de Madrid, con su apreciable esposa poetisa, Sra. Rosalía Castro, viene a avencidarse a Santiago con objeto de completar algunos estudios y trabajos para unas obras interesantísimas a Galicia [...].

Deseamos encuentre en Santiago la amistad de sus eminencias literarias, para el mejor resultado de sus desvelos en bien del país^[1].

Até aquela altura, Murguía fora facéndose un nome na prensa española e galega coa creación literaria, dando lugar a poesías e, sobre todo, novelas breves. Como ben lembraba Xosé Ramón Barreiro na súa monumental biografía sobre Murguía (2012: 142 e ss.), sería en *La Iberia* onde vería publicada en xaneiro de 1855 a súa novela *Luisa. Cuento*, escrita tres anos antes en Madrid, mais ambientada en Galiza e, entre outras, *Mientras duerme. Novela*, publicada en 1857 no mesmo xornal. Entre tanto, para o caso galego publicaría Murguía en *El Miño* poesías que enviaba desde Madrid, sen gardar boa parte daqueles poemas ligazón co labor historiográfico polo que máis adiante destacaría^[2], mais que terían unha importante difusión en Galiza e fóra do país.

De todo aquel labor literario, destacou a grande difusión que tivo a novela *Desde el cielo*, publicada tamén en *La Iberia* en 1855 (obra reimpresa ao longo do seu primeiro ano nove veces e traducida a varios idiomas no seu tempo, segundo poría de manifesto Aurelio Ribalta a finais de 1893^[3]). Ao ano seguinte da publicación desta obra, concretamente en xullo de 1856, catro meses despois do Banquete de Conxo, nas páxinas do recién nacido xornal da *La Oliva* presentábase unha nova reimpresión da devandita novela, facéndose fincapé en como Manuel M. Murguía se centrara na realidade galega á hora de dar lugar a aquela obra, destacando como o autor se estaba a facer un nome fóra de Galiza:

[1] *El Miño. Periódico de Galicia*, nº171, 1 de decembro de 1858, p.2

[2] Sen ir máis lonxe, véxase o poema intitulado “A Dios”, de carácter intimista, que lle publicarían a Murguía en *El Miño* nº45 do 26/09/1857, p.3.

[3] Ribalta, Aurelio, “Manuel Murguía”, *La defensa de Galicia*, nº 118, 28 de novembro de 1893, capa.

Acaba de hacerse la quinta reimpresión de esta notable obra que tanta gloria como nombre le ha dado á su joven autor, paisano nuestro. El sr. Murguía, como buen hijo de Galicia, ha hecho una novela cuyo argumento y detalles están tomados de nuestras costumbres y creencias.

Los mejores elogios que pueden hacerse de esta linda producción y que ha movido a sus editores á darla nuevamente a luz en el país para donde ha sido escrita, es la honrosa distinción con que fué acogida por toda la prensa española, trasladándola á sus columnas periódicos tan acreditados como *La Iberia* de Madrid, *La Palma* de Cádiz, *El Centinela* de Asturias, *El Correo* de Andalucía, etc^[4].

E logo dunha breve estadia de Murguía en Galiza no outono daquel 1856, algúns xornais daban conta da súa chegada ao país e do seu regreso a Madrid ao pouco, destacando as cualidades literarias do autor da obra *Desde el cielo*:

El martes último llegó a nuestra capital el tan joven como distinguido novelista gallego Sr. Martínez Murguía. Ayer salió para Madrid a continuar escribiendo sus lindísimas producciones en honra del país que lo vió nacer.^[5]

Daquelas Murguía, que dous anos despois casaría con Rosalía de Castro, propúñase dar lugar a unha Historia da Literatura galega, da que semella se nutriría en grande medida para o seu posterior *Diccionario de escritores gallegos* (Juan Compañel, Vigo, 1862). O periódico *La Oliva* publicitaría no outono de 1856 que Murguía principiara as pesquisas encamiñadas a ese magno labor, enmarcándose dentro dunha corrente de pensamento liberal que percorría Europa e que puña na cuestión nacional o acento. Dedicábase en *La Oliva* unha breve nota xunto a un recadro publicitario, afirmándose:

Nuestro querido amigo y colaborador, D. Manuel Murguía [...] va a escribir la *Historia literaria de Galicia* [...].

Ardua tarea se propone nuestro joven amigo; porque Galicia, abandonada siempre, tiene su pequeña historia literaria esparcida y arrinconada en todas partes; difícil por tanto de coleccionar. Sin embargo, el amor que profesa el Sr. Murguía a su patria; su constante aplicación al estudio de la historia, en especial a la de su país; su privilegiado talento; y su fuerza de voluntad, no dudamos que vencerán los obstáculos que á primera vista se presentan para la realización de su curioso e interesante trabajo^[6].

[4] *La Oliva. Periódico de política, literatura e intereses materiales*, nº 44, 2 de xullo de 1856, p.4.

[5] *El defensor de Galicia*, nº1, 2 de outubro de 1856, p.3

[6] *La Oliva. Periódico de política, literatura e intereses materiales*, nº 78, 29 de outubro de 1856, p.2.

E nesa mesma reseña xornalística daríase conta de como Murguía levaba anos pesquisando sobre a historia de Galiza no seu conxunto, para alén do ámbito literario, indicándose:

Por otra parte, el joven Murguía hace muchos años que está recogiendo datos para publicar la Historia General de Galicia, y ya tiene muy adelantados sus trabajos, ¿no sería alentarle en su grande empresa, el recibir con entusiasmo la obra que hoy nos ofrece?

Un traballo que comezaría a ver a luz case unha década despois de que naquela reseña xornalística se evidenciara a transición do Murguía creador literario ao Murguía historiador. Baixo o título xenérico de *Historia de Galicia*, o primeiro e segundo tomo da devandita obra saírían do prelo, respectivamente, en 1865 e 1866 do obradoiro tipográfico de Soto Freire en Lugo (Axeitos, 2019), onde viñan de asentarse Murguía e Rosalía (logo virían outros tres tomos máis, impresos entre 1866 e 1913)^[7]. Na primavera de 1865 a prensa informaría da publicación do primeiro volume da devandita obra. Desde Pontevedra o periódico *El Alerta* reproduciría a seguinte nova, que tomaba emprestada doutro xornal (práctica habitual naquela altura):

Nuestro apreciable colega *El Correo de Lugo*, por cuya reaparición tenemos el placer de saludarle cordialmente, anuncia la publicación de una obra por demás interesante, y que los hijos de Galicia no podrán menos que recibir con aprecio. La *Historia de Galicia*, que nuestro ilustrado paisano y conocido escritor Sr. D. Manuel Murguía va a dar á luz creemos corresponderá al buen nombre que este señor ha conquistado justamente en la república de las letras; y por cuya razón no vacilamos en recomendar desde luego a nuestros lectores su adquisición, seguros de que en ella hallarán mayor copia de datos, fiel y eruditamente trascritos, que en las obras de este género conocidas.

[...] como cualquiera comprenderá, los cuantiosos recursos que para llevar a cabo la publicación de una obra tan costosa como necesaria e importante tiene que emplear el señor Murguía, nos permitiremos en esta ocasión, que aprovechamos con gusto, la libertad de recordar a las diputaciones provinciales de Galicia el imprescindible deber de conceder a este distinguido compatriota la pensión solicitada por el *Congreso Agrícola*^[8] de Santiago^[9].

[7] O terceiro tomo vería a luz na Coruña no ano 1888, da man da librería de Andrés Martínez Salazar; o cuarto tomo saíría do prelo na coruñesa librería de Uxío Carré Aldao entre 1891 e 1893 e o quinto tomo igualmente sería publicado en 1913 na coruñesa Imprenta de Ferrer.

[8] O devandito Congreso Agrícola solicitara 4.000 reais a cada Deputación provincial para que Murguía puidera realizar unha Historia daquel encontro.

[9] *El Alerta. Periódico de intereses morales y materiales*, nº 58, 9 de abril de 1865, p.2.

Recoñeciase nesta nota de prensa o labor de Manuel M. Murguía como historiador, á fronte dunha completa Historia de Galiza á que se lle estaba a atribuír unha elevada importancia en favor da visibilización do país. E naturalmente destacábase que o esforzo investigador que Murguía estaba a realizar sobre o pasado de Galiza non estaba remunerado e que era preciso sostelo dalgún modo desde as institucións provinciais galegas (lembramos, así mesmo, como os dous primeiros tomos da devandita historia darían perdas e racharían coa fecunda relación entre Murguía e o editor Soto Freire, como teñen sinalado Barreiro e Axeitos (2005: 9)).

Chegados a este punto, a rede societaria galega de alén mar adquire unha dimensión de relevo como sostén da obra de Manuel M. Murguía, dado que o Centro Galego da Habana faríase cargo dos gastos de impresión do terceiro, cuarto e quinto volume da devandita *Historia de Galicia*, entre finais dos anos oitenta do s. XIX e inicios do s. XX. Lapso temporal no que Murguía sufrira o golpe máis duro da súa vida: a morte da súa compañeira, por volta de xullo de 1885, a extraordinaria escritora Rosalía de Castro (á que logo se sumaría o pasamento de varios dos seus fillos). Lapso de tempo no que Murguía, nunca repostado do pasamento de Rosalía, daría ao prelo en 1886 a obra *Los Precursores* e no 1888 o libro *Galicia*; impulsando na Coruña a Asociación Rexionalista Galega por volta de 1890, alentada desde o sector máis patriótico galego da emigración galega; e no que cofundaría na Coruña a Real Academia Galega no 1906, co impulso central da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, creada por intelectuais galeguistas na capital cubana. Institución, a RAG, que tería a Manuel M. Murguía como presidente e que gozaría da protección daquela asociación, capitaneada por Xosé Fontenla Leal e Manuel Curros Enríquez (Dobarro, 2001). Daquelas Murguía era xa, sen dúbida ningunha, o máximo referente do galeguismo político, ou nacionalismo galego da altura, previo ás Irmandades da Fala (Beramendi, 2007; Barreiro, 2012).

Manuel M. Murguía homenaxeado diante do seu oitenta aniversario

O 17 de maio de 1913 Murguía cumpría oitenta anos. Desde as páxinas do xornal *Faro de Vigo* o industrial Tomàs Mirambell lanzara un mes antes a iniciativa de organizar unha grande homenaxe ao historiador e presidente da RAG. Desde outros medios de comunicación galegos, como *El Correo Gallego*^[10], ou de alén mar representativos de centros galegos, adheriríanse a esta idea^[11].

Pola súa banda, a Reunión/Círculo de Artesáns da Coruña, baixo a presidencia de Manuel Casás, tomaría a iniciativa de organizar a homenaxe ao autor da magna

[10] *El Correo gallego. Diario político de la mañana*, nº 11.610, 4 de abril de 1913, capa.

[11] *Suevia. Revista gallega regionalista*, nº7, 24 de maio de 1913, capa.

Historia de Galicia^[12], que se celebraría entre o sábado 17 e o domingo 18 de maio, desenvolvéndose un banquete coa asistencia de duascentas persoas e unha velada, respectivamente^[13].

Diante daquel acto, sumaríanse á homenaxe multitude de figuras de relevo^[14], maioritariamente galegas e vinculadas boa parte co galeguismo político da época, mais tamén outras moi significativas de fóra do país, que non puideran asistir ao acto. O tradicionalista Juan Vázquez de Mella trasladaríalle ao comité organizador a súa adhesión á homenaxe, coas seguintes palabras:

Ruégole abrace en mi nombre al patriarca del regionalismo gallego, diciéndole que, si pudiese asistir al homenaje, propondría que los representantes en Cortes, a los que yo secundaría, exigiesen del Gobierno una pensión para Murguía, que no se puede negar, cuando se prodigan tantas inútilmente para divertirse en el extranjero; y al brindar por el historiador artista, evocaría el alma de la gran Rosalía, y con ella todos sus amores y la fe y la poesía de Galicia^[15].

Pola súa banda, Ramón Valle Inclán amosaba o seu respecto pola figura e obra de Murguía, indicando como para el o historiador fora un auténtico mestre:

Enfermo y decaído hasta el punto de valerme de mano ajena para escribir estas líneas, envío mi saludo de admiración, de afecto y de respeto al patriarca de las Letras castellanas^[16], al que siempre tuve por maestro [...]

Alén mar tamén se desenvolverían actos de recoñecemento a Manuel M. Murguía polo seu oitenta aniversario. O Centro Galego de Bos Aires organizoulle unha homenaxe ao insigne historiador na data do seu aniversario, acordando a xunta directiva daquel centro pensionar a Murguía con trescentas pesetas mensuais de por vida. Aquel acto remataría con vivas a Murguía, a Galiza e a comunidade galega da República Arxentina. Podíase ler na capa do boletín da devandita institución galega na emigración o seguinte:

[12] O quinto tomo da mesma publicaríase logo desta homenaxe, que foi central para alentar a colaboración das Deputacións provinciais. A Deputación de Pontevedra faríalle saber que se sumaría á iniciativa de achegar 1.000 pesetas para que Murguía puidera “continuar” coa elaboración da *Historia de Galicia*. Vid. *La Región. Diario independiente*, nº 994, 21 de maio de 1913, p.3.

[13] *El Eco de Galicia. Diario católico e independiente*, nº 2.077, 18 de maio de 1913, capa.

[14] *Vida Gallega. Ilustración regional*, nº 44, 10 de setembro de 1913, p.11-13.

[15] *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*, s.n., 19 de maio de 1913, p.2.

[16] Chama a atención que refira Valle Inclán a Murguía como “patriarca de las Letras castellanas” e non como “patriarca das Letras galegas”.

Uno de los gallegos más ilustres, el gran historiador de nuestra raza, don Manuel Murguía, acaba de cumplir ochenta años de edad. Consagró esos años nuestro eminente compatriota a la loable tarea de enaltecer el nombre de Galicia construyendo el gran monumento literario de su Historia

A pesar de su basta labor genial, llega pobre a la senectud. El extenso catálogo de sus obras, si bien le ha dado derecho a que su nombre perdure, no ha sido suficiente para que el eminente escritor pueda ver sus días postreros y cubierto de las contingencias del vivir. Nadie, sin embargo, pudiera tener mayor derecho a la fortuna que el actor de la “Historia de Galicia”^[17].

Manuel M. Murguía lembrado alén mar diante do seu pasamento

Dez anos despois das devanditas homenaxes, o historiador Manuel M. Murguía falecía con data 1 de febreiro de 1923. A nova tería unha grande proxección mediática entre a comunidade galega alén mar. No país as reseñas serían escasas e breves. Destacaba, naturalmente, a lembranza que farían as Irmandades da Fala no seu boletín, *A Nosa Terra*. Coa reprodución dunha imaxe de Murguía no centro da capa do número correspondente ao 15 de febreiro, a militancia nacionalista dedicarlle as tres primeiras páxinas do periódico á figura do presidente da Real Academia Galega. Baixo o título “Don Manuel Murguía” facíase unha introdución á súa figura e obra, dando conta da celebración do funeral:

Apagouse na terra a estrela que alumeaba a nosa literatura para escintilar no ceo da nosa historia como un sol refulxente. Murguía non era samente un sabio, foi ademais un nauta que soupo indereitar as nosas moxedades pol-o camiño que leva ás definitivas reivindicacións da Terra.

A importancia do labor de Murguía é inmensa. Non só foi el un precursor: ademais soupo erguer no corazón das multitudes o respecto e amor ás ensinanzas dos demais precursores.

[...]

A súa sona atravesou as fronteiras de Galicia, e todol-os homes adicados a literatura, arqueoloxía e ciencias históricas na mais outa estima. Leite de Vasconcellos, Teófilo Braga, Leonardo Coimbra, todol-os ilustres homes do Portugal, tíñanlle un fondo respecto e unha admiración sin mensura [...]^[18]

[17] “Homenaje al historiador Murguía”, *Boletín oficial del Centro Gallego* nº6, 1 de xuño de 1913, capa e p.4.

[18] *A nosa terra. Boletín quincenal - Idearium das Irmandades da Fala*, nº 179, 15 de febreiro de 1923, capa.

No que atinxe á Galiza emigrada, onde existía unha rede societaria que conta-ba con multitude de publicacións, resulta imponente o número de referencias que achamos nas que se deu publicidade ao falecemento de Murguía. Poremos o foco nos tres países con maior número de galegos e galegas emigradas naquela altura, é dicir, Cuba, Uruguai e Arxentina, a través dalgúns exemplos especialmente significativos.

A colonia galega en Cuba expresaría a súa dor pola morte de Murguía de inmediato. Cando estaba para saír do prelo na Habana, dous días despois do pasamento do que fora promotor e presidente da Asociación Rexionalista Galega, a revista *Eco de Galicia* improvisaría un recadro para informar á colectividade galega da devan-dita triste nova:

Ya en prensa esta Revista, se nos comunica por el activo miembro de la A.I. y P. de la Real Academia Gallega, Julio Pravio^[19], el fallecimiento de don Manuel Murguía, Presidente en funciones de la citada Academia y esposo ilustre de la inmortal Rosalía de Castro.

Con la muerte de este gran gallego la literatura regional pierde a uno de sus más preclaros y esclarecidos propagadores.

Descanse en paz el excelso patricio y reciban sus familiares nuestro más sentido pésame.^[20]

Dúas semanas despois daquela reseña de urxencia, o *Eco de Galicia* abría as pá-xinas do seu novo número cunha imaxe na capa de Manuel M. Murguía na súa se-nectude. A reseña que presentaba este medio distorsionaba en parte, ao noso ver, a imaxe do historiador e líder galeguista. Vexamos:

Murguía, el luchador incansable de la santa causa gallega, el gran historiador, poeta y novelista, ha muerto. Gallegos: Arrodillémonos descubiertos ante sus restos, y con su nombre por égida, juremos proseguir su obra hasta finalizarla.

[...] Murguía no claudicó; fué un sabio que consagró, a su paso por la tierra, todas sus energías y todo su saber al bien de sus semejantes. **Si bien es cierto que dedicó preferente atención a los problemas de su Patria chica, Galicia, no por ello dejó de ocuparse, a la par, de su Patria grande, España, y de la otra Patria, aún más grande: el Universo**^[21].

[19] Obviamente este apelido é incorrecto. A nota refírese ao xeógrafo e historiador Julio **Dávila** Díaz, promotor, secretario e tesoureiro da Asociación Protectora da Academia Galega de Bos Aires, creada no 1919 da man da Casa de Galicia a semellanza da homónima creada en 1905 na Habana.

[20] *Eco de Galicia. Revista ilustrada y de información de la colonia gallega en Cuba*, nº 184, 4 de febreiro de 1923, p.23.

[21] A negriña é nosa.

[...] La Patria gallega debe a Murguía, más que a ninguno de sus muchos ilustres hijos, la preponderancia de que hoy goza dentro y fuera de sus fronteras. Merced a su labor, la personalidad étnica regional dejó de ser “un algo” para ser lo que en la actualidad es: “un todo”.

[...] En el campo del regionalismo su lucha fué santa y llena de arrestos hasta ver cristalizar en todos sus hijos este bello ideal dentro del solar nativo [...].^[22]

Desde a colectividade galega asentada en Uruguai tamén se manifestaría a dor pola perda de Manuel M. Murguía. Presentaríase na capa da revista do Centro Galego sito en Montevideo, publicación que actuaba como *órgano da colectividade galega de Uruguai*, unha foto do autor da *Historia de Galicia* presidida pola lenda “Un muerto ilustre”. O 28 de febreiro afirmábase nesta revista que:

Murguía fue un sabio, fue un escritor y un gran literato; amó a Galicia como nadie, con ese amor con que se ama a una madre.

Si como literato remontó a unas alturas donde fácil se alcanza la gloria, como poeta, al igual que su inmortal compañera, Rosalía de Castro, fue el maestro todo corazón y todo ternura.

Su vocación por las letras fué tan grande como fué su amor a Galicia^[23].

Para o caso de Arxentina, dous días despois da morte de Murguía, o bonaerense *Correo de Galicia* publicaría o seguinte:

Nos llega la noticia cuando ya no queda en este número tiempo bastante para rendir al ilustre desaparecido todo el espacio que como debido homenaje debemos tributarle.

Un cablegrama dirigido a don Julio Dávila, ha hecho saber la triste nueva, experimentando el dolor que produce cada pérdida para Galicia en toda su magnitud y con la congoja que acompaña a todo lo irreparable.

Ha muerto el patriarca de las letras gallegas y el precursor del actual renacimiento literario, cuando la semilla por él lanzada en el curso de las grandes reivindicaciones gallegas empieza a producir el codiciado fruto.

[...]

Muere viejo y pobre^[24], que es la muerte que el destino reserva a todos los que han

[22] *Eco de Galicia. Revista ilustrada y de información de la colonia gallega en Cuba*, nº 185, 18 de febreiro de 1923, p.7. Este medio no mes de xuño daría conta de como o Centro Galego da Habana acordara que a pensión que lle pagaba a Murguía pasara á filla do galeguista e como sería substituído Murguía a fronte da presidencia da Real Academia Galega por Andrés Martínez Salazar. *Eco de Galicia*, nº193, 17 de xuño de 1923, p.8 e 23.

[23] *Centro Gallego. Órgano de la colectividad gallega en el Uruguay*, nº 75, 28 de febreiro de 1923, p.8

[24] A negriña é nosa.

amado mucho y han sentido mucho a través de su peregrinación por esta vida dolorosamente materializada.^[25]

Así mesmo, catro días despois da morte de Manuel M. Murguía, a Casa de Galicia da capital arxentina desenvolvía unha asemblea na que elixir nova directiva. Rematado o proceso, un socio solicitou a palabra para propor que a totalidade das e dos presentes se erguera en homenaxe a Murguía. A asemblea aprobou a proposta, erguéndose en pleno os socios e socias da Casa de Galicia^[26].

O pasamento de Murguía daría lugar a lembranzas varias da súa dona, Rosalía de Castro, referindo na maior parte das reseñas como ambos conformarían unha parella dedicada incansabelmente á causa galega, facendo notar como a autora de *Cantares Gallegos* e de *Follas Novas* falecera infelizmente cedo de máis, a diferenza da longa vida do historiador. Desde as páxinas do *Eco de Galicia. Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*, editado en Bos Aires, dábase lugar a un monográfico sobre Murguía, que sería presentado como “patriarca das letras galicianas”, e no que se indicaba que en breve se celebraría:

un nuevo aniversario de Rosalía de Castro [...]. ¡Admirable matrimonio el de Murguía y Rosalía de Castro, poetisa y escritora insigne que, lo propio que aquel, consagró a Galicia todo su talento y toda su inspiración! Rosalía menos afortunada que su marido, murió (1885) prematuramente, pero vivió bastante para dejar, cual dejó, un nombre inmortal en las letras y que siempre será venerado y querido por el pueblo gallego.^[27]

O 15 de febreiro o periódico galego de Bos Aires *Hogar Gallego* glosaba brevemente as obras de Murguía, xunto unha breve síntese biográfica. A Sociedade homónima da que era voceiro este xornal, afirmaríase que, desde que recibiran a nova do pasamento de Murguía, aprobara a súa xunta directiva enviar un telegrama de pésame á Real Academia Galega, no que se podía ler:

Hogar Gallego profundamente conmovido siente honda pena fallecimiento vuestro presidente patriarca letras gallegas Manuel Murguía. Hagan presentes sinceras condolencias deudos. Benigno Rodríguez, Presidente.

Case dúas semanas despois daquela referencia, por volta do 28 de febreiro o Centro Galego de Bos Aires publicaría na súa capa interior a reprodución dunha foto de

[25] *Correo de Galicia*, nº 878, 4 de febreiro de 1923, capa.

[26] *Correo de Galicia*, nº 879, 11 de febreiro de 1923, capa.

[27] *El Eco de Galicia. Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*, nº 1.136, 10 de febreiro de 1923, p.3

Murguía que acompañaría unha breve referencia ao pasamento do historiador, na que se incluía o comunicado que a xunta directiva do devandito centro aprobara o propio 2 de febreiro enviar ás fillas daquel. Podíase ler naquel comunicado o seguinte:

La Junta Directiva de este CENTRO GALLEGO [...] acordó por unanimidad y en la seguridad de interpretar los sentimientos de todos los gallegos, transmitir el siguiente cablegrama de pésame: “Señoras hijas de don Manuel Murguía -Coruña-. En nombre del CENTRO GALLEGO, presento a ustedes sinceras condolencias por irreparable pérdida Patriarca de las Letras Gallegas – Alfredo Álvarez, presidente^[28].”

O 1 de abril de 1923, igualmente desde Bos Aires, a Sociedad Fomento de Porriño y su distrito publicaría en páxinas interiores no seu boletín o seguinte:

La circunstancia de aparecer trimestralmente nuestro “Boletín”, no nos ha permitido a su debido tiempo dedicar unas líneas recordatorias al ilustre historiador y escritor gallego don Manuel Murguía, fallecido en La Coruña el día 2 de febrero último.

Entendemos que para cumplir deudas de gratitud todas las ocasiones son buenas, y, aunque tarde, en nuestra honrosa calidad de gallegos, damos hoy cumplimento a la que nos ocupa.

Ninguna publicación gallega puede quedar sin tributar su homenaje al glorioso patriarca de las letras gallegas, al hombre que era un símbolo dentro de cualquiera de las actividades regionales porque todo lo que contribuyese a elevar el nivel moral y material de Galicia, le contó siempre a Murguía en los puestos de vanguardia^[29].

E cando esta reseña se podía ler, víñase de anunciar unha reunión de varias sociedades galegas en Bos Aires para sentar as bases dunha grande homenaxe alén mar á figura de Murguía. No boletín *Hogar Gallego* afirmábase que:

[...] el 9 del mes entrante, a las 21 horas, tendrá lugar la reunión de representantes de las sociedades gallegas de la capital, para concurrir a la mejor forma de rendir homenaje al patriarca de las letras gallegas don Manuel Murguía.

La iniciativa, como dijimos, parte del “Centro Gallego”, la “Asociación Pro Murguía”, y la “Asociación Protectora de la Real Academia Gallega” y la reunión tendrá lugar en el salón de sesiones del primero, Belgrano 2189, debiendo considerarse invitados a ella todos los presidentes de sociedades aun cuando no recibieran invitación directa.^[30]

[28] *Boletín oficial del Centro Gallego*, nº123, 28 de febreiro de 1923, p.5

[29] *Boletín oficial de la Sociedad Fomento de Porriño y su distrito*, nº5, abril de 1923, p.24.

[30] *Hogar gallego. Publicación oficial*, nº 14, 31 de marzo de 1923, p.3

Coda

En liñas xerais, a prensa galega aquí e alén mar deu un bo trato a Manuel M. Murguía, tanto como creador literario, como historiador e presidente da Real Academia Galega. A proxección que lle deu aquela prensa á súa figura e obra en vida, por méritos propios, daría lugar a que puidera expandirse a súa figura (e produción) como poucas outras do seu tempo.

Isto tería reflexo na enorme cantidade de adhesións que suscitou o seu oitenta aniversario, por volta de 1913, así como de lembranzas ás que deu lugar o seu pasamento en 1923. Os textos en lembranza a Manuel M. Murguía que se puideron ler na prensa galega alén mar após a súa morte, ao igual que os que se írían publicando en Galiza, manifestarían a relevancia pública do historiador e presidente da Real Academia Galega; destacando en todos os casos, como non podía ser menos, a súa produción literaria e o seu inmenso labor historiográfico, realidade que quixemos lembrar con esta achega cando vimos de conmemorar o centenario do pasamento do promotor da Asociación Rexionalista Galega (iniciativa, por certo, que apenas foi referida nos artigos de prensa dedicados a Murguía con motivo da súa morte cen anos atrás).

BIBLIOGRAFÍA

- Axeitos, Xosé Luís (2019), O editor Soto Freire, mediador necesario na “Historia de Galicia”. *Follas Novas* nº4, pp.152-159
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Axeitos, Xosé Luís (2003), *Cartas a Murguía I*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Axeitos, Xosé Luís (2003), *Cartas a Murguía II*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012). *Murguía*. Vigo, Galaxia.
- Beramendi, Justo (2007), *De Provincia a Nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- Dobarro Paz, Xosé M^a (2001), Manuel Curros Enríquez, José Fontenla Leal e a Real Academia Galega: observacións e datos sobre as súas orixes e vicisitudes. *Boletín da Real Academia Galega*, nº362, pp. 203-266.
- Rabuñal, Henrique (2023), *Murguía, Un século despois*. Compostela, Laivento.
- Seoane, Isabel (2000), César Vaamonde fala dos últimos días de Manuel Murguía. *Grial* nº147, pp.431-440
- Villares, Ramón (2000), A formación de Murguía como historiador. *Grial* nº147, pp.385-398.

Publicamos este oitavo número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Ribeira



Concello
de Ribeira



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO